



Nova Escola Galega

OPIINA

Outubro de 2018

UNHA NOVA ETAPA, E EL HABERÁ CAMBIOS?

Abríuse o curso 2018/2019 enmarcado nun novo contexto político ao ter mudado o goberno do Estado, agora presidido polo socialista Pedro Sánchez. Na súa primeira [comparecencia](#) diante do Congreso, no mes de xullo, a Ministra de Educación e Formación Profesional trazou as liñas de actuación que pretende desenvolver o Executivo central, algunhas delas en sintonía coas reclamacións máis urxentes da comunidade educativa respecto da deostada LOMCE. Entre as medidas enunciadas figura a modificación da devandita lei en varios puntos:

- Do art. 109.2, para sinalar a preeminencia da rede pública na oferta de prazas escolares, outorgándolle á concertada unha función complementaria das necesidades de escolarización.
- Dos art. 122, 127 e 135, para recuperar a participación da comunidade educativa nos consellos escolares e mudar a forma de selección das direccións dos centros públicos.
- A materia de relixión deixará de computar para a nota media.
- Derrogación dos itinerarios que establecía a LOMCE a partir dos 13 anos e eliminación das reválidas.
- Creación dunha materia obrigatoria de valores cívicos e éticos, sobre dereitos humanos e virtudes cívico-democráticas.

Ademais, o goberno anunciou outras medidas, tales como:

- Unha Lei de Formación Profesional na que se vinculen políticas de educación, FP, emprego e desenvolvemento económico.
- Un Programa de Cooperación Territorial coas Comunidades Autónomas (CA) en educación de 0 a 3, co propósito de facer esta etapa accesible para as familias.
- Apertura dun proceso de diálogo cos centros concertados que segregan por sexo, contravinndo os principios xerais da educación inclusiva e a coeducación.

Porén, a situación política e a dificultade de concertar unha maioría parlamentaria estable non parecen

permitir que os anuncios se acompañen de feitos inmediatos, e as primeiras accións requirirán de certo tempo para o seu deseño, aprobación e aplicación; de xeito que, como pronto, entrarán en vigor para o vindeiro curso escolar, en boa medida dependendo da vontade das distintas CA. A reversión dos recortes introducida pola aplicación do Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, [de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo](#) é, segundo o anuncio do Ministerio, a primeira das actuacións destinada a recolocar as condicións nas que se desenvolven as ensinanzas non universitarias baixo parámetros anteriores aos impostos polo coñecido como Decreto Wert, mediante o que o partido popular determinou que a crise financeira debía pagarse con avultados recortes nos servizos públicos, malia que tales medidas afectasen á igualdade de oportunidades educativas e comprometesen moi seriamente o dereito á educación.

O anteproxecto de lei de [mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria](#) foi presentado pola ministra Celaá a finais do mes de xullo na Conferencia de Política Sectorial de Educación, na que as consellarías de educación do partido popular escenificaron o seu rexeitamento abandonando a reunión. Aduciron problemas de forma na convocatoria, malia non expresaren desacordo nas medidas propostas que fundamentalmente son tres: reverter o incremento do número de estudantes por aula, as horas

Los planes del Gobierno sobre la concertada indignan a las escuelas católicas

La ministra Isabel Celaá planea eliminar el principio de "demanda social" que introdujo la Lomce



GLORIA RODRIGUEZ-PINA Madrid · 13 JUL 2018 · 08:49 CEST



Y te quedas porque las tarjetas son gratis.

Si, has leído bien.

[Y info](#)

ING

Los consejeros del PP abandonan la primera Conferencia Sectorial de Educación con Celaá como ministra



Últimas noticias / Sociedad »

- Miles de estudiantes se manifiestan por Barcelona para reivindicar la educación pública
- Los musulmanes españoles expresan sus "condolencias" por la "solidaridad" con Indonesia tras el terremoto y tsunami
- La V edición de los Premios de la Saludable, con más de 50 candidaturas, se celebrará el 10 de octubre

lectivas do profesorado e o aumento do prazo de substitución de profesorado ata os dez días. É difícil crer que concordan co fondo da iniciativa, toda vez que, no noso caso, a Consellaría negouse a deixar de aplicar a normativa que permitía incrementar o 10% as *ratio* establecidas na LOMCE e mesmo está ás veces aplicando a de non contabilizar as persoas que repiten (que xa non é de aplicación).

Non vai ser doado recuperar algúns dos criterios anteriores respecto das condicións nas que se desenvolve a ensinanza non universitaria porque, aínda que no 2012 se presentaron como medidas conxunturas motivadas pola crise económica e cabería agardar unha eventual reversión ao fío da recuperación económica que se leva anunciando dun tempo a esta parte, tales medidas xunto a outras que se foron aplicando forman parte da folla de ruta das políticas neoliberais da dereita conservadora, e chegaron coa intención de quedarse. De aí a reacción airada desta dereita fronte ao cambio de perspectiva, non vaia ser que a comunidade educativa reaccione e mude a actitude de resignación pola de resistencia activa fronte ás constantes retalladas que afectan ao ensino público.

Tampouco vai ser doado revertir criterios restritivos na atención á diversidade, que teñen una incidencia pública máis limitada e que moitas veces aparecen diante das familias como decisións organizativas dos centros. En realidade, moitas destas decisións responden á política de redución dos cadros de persoal (na que este goberno galego é un campión), moi importante e sostida no tempo, e que se concreta:

- Na constitución de grupos máis homoxéneos co obxectivo aparente de facer rendibles ao máximo os escasos recursos dos que se dispón para a atención á diversidade, especialmente nos dous primeiros cursos da ESO: os apoios lingüísticos ao alumnado exento de francés e as intervencións docentes do profesorado de apoio ao alumnado con necesidades de apoio educativo (ACNEAE), que se

Román Rodríguez: "Sería interesante una selectividad común en toda España para garantizar la igualdad"

"Mantendremos la senda alcista de la OPE en próximos años" - "No se trata de prohibir los móviles, sino de usarlos como herramienta pedagógica y con el control del docente"

Carmen Villar | Santiago | 08.09.2018 | 02:09

La "igualdad de oportunidades" es uno de los parámetros fundamentales para medir la salud de un sistema educativo, defiende el consejero del ramo, Román Rodríguez, quien cree que el curso arranca con la educación pública en "buen estado", avanza que se proseguirá con la estabilización del profesorado y recalca las bondades de FP y unos ciclos en permanente actualización para responder a las demandas del mercado.

-Arranca el curso. ¿Cuál es el estado de salud de la educación pública en Galicia?

-Goza de un buen estado de salud. Un sistema educativo tiene que cumplir dos parámetros fundamentales, la calidad y la equidad, y en Galicia lo estamos consiguiendo en los últimos años con un modelo educativo propio que nos sitúa a la vanguardia en muchos parámetros gracias a una conjunción de intereses: la existencia de un modelo bien asumido por la comunidad educativa



El consejero de Educación, Román Rodríguez. // Xoán Al

prolonga ao longo de toda a etapa; e na diminución de optativas en 4º ESO.

- No fomento de itinerarios que segregan e incluso no abandono precipitado do ensino obrigatorio, ao que se aboca ao alumnado ao non poder ser atendida axeitadamente e a tempo na súa diversidade.
- Na dificultade ou mesmo imposibilidade do desenvolvemento adecuado das funcións do Departamento de Orientación (DO) e como órgano de coordinación docente. A redución de profesorado de materia sobrecarga os titores/as, limitando os de ámbito para formar parte cada curso deste departamento. Tamén impide dispoñer do tempo necesario para as coordinacións periódicas Orientación-titores/as, tan necesarias no desenvolvemento do Plan de acción tutorial. Mentres, a redución do profesorado de pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe baleira o DO de recursos humanos importantes, favorecedores do desenvolvemento das súas funcións nas propias aulas, a través das intervencións docentes individuais co alumnado máis distante da normalización escolar e do apoio nos grupos aos que pertencen e ao seu equipo docente, potenciando a inclusividade.
- Nas limitacións de tempos para a coordinación do profesorado cos profesionais externos aos cen-

tros, que permita rendibilizar ao máximo a súa importante achega co alumnado en risco de exclusión, así como garantir a estabilidade das súas intervencións, que actualmente dependen das subvencións.

- Na imposibilidade de que os departamentos didácticos poidan recuperar as súas reunións semanais.
- Na redución progresiva de número de docentes na realización das gardas (xa se empeza a normalizar que se conte cun só nun centro da ESO, dous nun de Ed Primaria...).

UN MODELO PROPIO?

En Galicia o curso comezou bendito polas auto-compracentes declaracións do titular da Consellaría en distintas [entrevistas](#). O daquela conselleiro admitía problemas puntuais, pero destacaba a boa saúde do conxunto do sistema en equidade e calidade debido, segundo sinalou, a que dispomos "dun modelo educativo propio que nos sitúa na vangarda en moitos parámetros grazas a unha conxunción de intereses: a existencia dun modelo ben asumido pola comunidade educativa e o traballo conxunto do profesorado, a Administración e as familias".

Descoñeciamos que o ensino en Galicia se desenvolve baixo criterios e fórmulas que poidan acollerse á formulación dun "modelo educativo propio". Moitos son os interrogantes que xorden ao fío desta descuberta. Con carácter xeral interesaríanos saber onde está definido e por quen; saber cal é o grao de consenso que suscitou -alén da maioría absoluta do Partido Popular- para poder identificar cales foron as demandas e propostas da comunidade educativa que se consideran incluídas na definición deste modelo propio.

Problemas por falta de docentes en colexios de Brión, Santiso, Ordes e Santa Comba

Cuarto día consecutivo de peche no IES de Brión, mentres tamén falta persoal no CEIP de Arcediago en Santiso, no CEIP Castelao de Ordes e no CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba.

► País de Brión non enviarán aos seus fillos a clase "se non hai o profesorado" para unha educación "de calidade"

Por Galicia Confidencial | Compostela | 17/09/2018 | Actualizada ás 13:33

A política de recortes de persoal educativo iniciada polo goberno Feijóo no ano 2010 está detrás da situación que se vive en varios colexios da área de Santiago, que padece falta de docentes. Iso, cando menos, é o que opina a CIG.



Feijóo, durante un recibo de curso nun centro de Infantil

ESCOLA PÚBLICA | Aves 18, Setembro 2018 | Porcisa

Galicia inicia o curso en Infantil con 3.000 alumnos e case cen centros menos que hai dez anos



Mobilización no IES de Brión

CC BY-SA CIG

ESCOLA PÚBLICA | hai 6 días | Movements sociais

O IES de Brión no que protestan as familias ten o mesmo profesorado que hai dez anos con 180 alumnos máis



Concentración ante o IES de Brión

© ANPA Pedro Vialdo

ESCOLA PÚBLICA | Martes 18, Setembro 2018 | Movements sociais

As protestas por falta de profesorado e masificación espállanse por varios centros no inicio do curso

De entramos algo máis polo miúdo na nosa realidade educativa, amoréanse as cuestións a formular ao fío desta idea.

O MEDIO RURAL

Pode defenderse a existencia dun *modelo propio de ensino* cando, por exemplo, non se atenden de maneira suficiente as necesidades do rural, por aplicación dunhas políticas de dotación de recursos e servizos que, lonxe de animar a fixación de poboación nos núcleos rurais, fan da educación dos nenos e nenas un problema máis para as súas familias? En Nova Escola Galega e xunto con outras entidades que traballan a prol da educación no rural, vimos esixindo desde hai varias décadas unha planificación integral para o noso medio rural, na que a educación sexa unha peza esencial para o seu desenvolvemento. Mentres tal planificación non chega a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural ten solicitado unha moratoria no peche de centros e aulas no rural.

Facer sostible o noso rural require dunha visión de país que poida ser compartida por unha maioría social, na que a cidadanía poida sentirse interpelada e incluída e contar con instrumentos de acción política a través dos que se faga viable a vida no rural baixo parámetros de calidade. Na súa ausencia, campañas como, por exemplo, a de "Ruralízate", non son máis ca propaganda.

Para mostra do que dicimos podemos poñer algúns [exemplos](#). Na última década o despoboamento do rural e a caída de alumnado foron da man, de xeito que para este curso escolar son case 3.000 cativos e cativas menos os que se matricularon en Infantil, dos que o fixeran no 2008. A perda de centros escolares nesta década e para esta etapa cífrase en 93, o que obriga a boa parte alumnado destas primeiras idades que vive en contornas rurais a escolarizárense

fóra do seu núcleo próximo e supón para as familias unha crebatura de cabeza con varias fronte: ensino, transporte e comedor. Na provincia de Ourense, 22 concellos -isto é, un de cada catro- xa non conta con centro educativo e, nesta provincia, o peche de aulas afectou tamén a centros urbanos, malia o malestar manifestado polas familias.

Se observamos as protestas das comunidades educativas por falta de profesorado ou problemas de espazo nas súas instalacións, podemos ver como o groso da problemática se dá nas contornas rurais: o IES de Brión, o CEIP de Arcediago en Santiso, o CEIP Castelao de Ordes, o CEIP de Roxo, ou o CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, por citarmos aqueles casos dos que se fixo eco a prensa. Esta falta de recursos afecta directamente as oportunidades educativas do alumnado escolarizado en centros de contornas rurais que, segundo o caso, pode ver minguada a súa oferta de optatividade na secundaria, vérense obrigados a prescindir do programa de mellora de aprendizaxe e rendemento, e de desdobres de grupos, coa conseguinte masificación das aulas e a imposibilidade dunha atención máis individualizada. Dáse a circunstancia de que algunha destas eivas significa ademais a desaparición de proxectos de éxito, e de certa traxectoria que mesmo foron premiados pola Administración e que motivaban en grande medida a participación do alumnado, incrementando o seu rendemento.

Tal é o caso da anunciada desaparición de materias da oferta optativa no IES de Brión, cuxa acollida era moi elevada e que tiña o prestixio de ter permitido gañar a alumnado dese centro un dos premios do foro DICO Summit 2017 para as idades de 14 a 18 anos pola creación dunha aplicación que facilita a aprendizaxe da lectura. Malia que a lei contempla a necesidade de "protexer" os centros educativos do rural, a acción política da consellaría -que pretenden

facer pasar por unha *xestión eficiente* dos recursos públicos- desbota calquera razón cualitativa que se escape á folla de cálculo na que se encerran os recursos previstos para cada centro. Seica a aposta pola autonomía dos centros e o respecto polos seus proxectos educativos non se levan ben coa ladaíña da "optimización de recursos", tecnicismo no que se agocha a mingua de recursos que, iso si, non afecta á rede privada concertada.

Somos conscientes de que estes casos son os máis rechamantes pola decidida actitude das comunidades educativas na demanda dunha resposta positiva ás súas demandas. Noutros, aínda padecendo situacións semellantes, a resignación fronte á actitude da Administración ou a falta de acordo sobre as medidas a adoptar coutan iniciativas e impide a visualización dos problemas. A evolución do conflito do IES de Brión é boa mostra do que dicimos. Foron necesarios quince días de mobilizacións -con peches no centro e inasistencia ás aulas- para que a Consellaría movese ficha ofrecendo parte do solicitado, pero esixindo a cambio a inmediata incorporación do alumnado ás clases e a non asistencia á concentración programada. Finalmente poderán manter o PMAR, a principal das súas reivindicacións. Para tratarse dunha cuestión de aparente solución técnica -a Consellaría sempre nega o carácter político destas medidas- esixir contrapartidas deste tipo evidencia onde lles aperta o zapato: demasiados titulares para unhas demandas tan xustas que a súa desatención revela unha cativa e ineficiente visión do ensino.

É posible que cando entre en vigor o decreto que pretende reverter os recortes algunhas destas situacións xa non se poidan formular. Todo vai depender da lectura que se faga desde o goberno galego. En todo caso a falta de políticas integrais é unha constante que pexa o noso rural. Ese *modelo propio* do que se gaba a consellaría sempre pode tirar da estratexia da reutilización de espazos. Así que diante

da falta de propostas que logren unha certa recuperación demográfica, ou mesmo axuden a fixar poboación, sempre se pode pensar nun uso diferente para as unitarias, que tantas veces foron verdadeiros focos de dinamización comunitaria. Velaí o caso de Chandrexa de Queixa, localidade na que se abriu un tanatorio subvencionado pola Xunta nas instalacións dun CEIP pechado ao remate do curso 2007-2008. Toda unha metáfora.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS

As retalladas afectan tamén ás ensinanzas artísticas, uns estudos que os responsables políticos queren manter nun *limbo académico* ou, se cadra, en *territorio comanche*, negándolles o recoñecemento que merecen como estudos de nivel superior estruturados como graos universitarios de catro cursos académicos -aos que son equivalentes-, pero sometidos á indefinición máis absoluta, o que resta dereitos e oportunidades a estudantes e persoas tituladas.

A punta do iceberg é o caso da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD de Vigo) que desde o 2014 veu acumulando recortes no cadro de profesorado, cunha redución do 20%. Se cadra, de ter realmente un *modelo propio de ensino*, a realidade sería outra. Sabe a Consellaría que hai un debate no conxunto do Estado para a adscrición destas ensinanzas ás universidades. Algunhas comunidades foron dando pasos para frear, desde a universidade pública, a extensión dunha oferta exclusivamente privada. Unha iniciativa semellante en Galicia poñería en valor estes estudos, garantiría a súa continuidade nos niveis académicos de mestrado e doutoramento, completando así un precario mapa de titulacións do ámbito artístico, permitindo unha maior proxección profesional das persoas tituladas e tendo, en definitiva, un efecto positivo para o desenvolvemento do noso potencial cultural.

Uno de cada cuatro concellos ourensanos ya no tiene centro educativo

Los alumnos de Secundaria, Bachillerato y FP, los últimos que retomarán la actividad lectiva



Mobilización das familias do IES de Brión ante a Consellaría de Educación
CC BY-SA CIG-Educación

A mobilización das familias do IES de Brión consegue recuperar o curso de reforzo na ESO

Un pueblo de Ourense reabre su vieja escuela como tanatorio tras perder la mitad de su población

El Gobierno gallego ha sufragado con 40.000 euros el cambio de uso de la vieja escuela unitaria de Rabal, en Chandrexa de Queixa, donde el último centro educativo del que disponía cerró hace una década por falta de alumnado

David Lomba [Follow @davidlombao](#)

19/09/2018 - 22:59h



Persoal e estudantes da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, en pé de guerra contra a Xunta

Primeira das tres xornadas de folga na ESAD para esixir a restitución dos seis postos de traballo perdidos e denunciar o "comportamento hostil" do inspector da Xunta.

Por redacción - 17 Setembro, 2018



AS LINGUAS

Paradoxalmente e malia as súas referencias ao modelo propio, a consellaría adoita botar balóns fóra cando se lle pregunta pola involución lingüística que afecta ao galego e que se evidencia na caída no número de rapaces e rapazas galegofalantes. Recentemente, o anterior conselleiro negaba a maior —“nunca houbo tanto coñecemento do galego”— e entendía que o decreto do plurilingüismo “garante o coñecemento dos idiomas en igualdade e liberdade”, rexeitando calquera outra responsabilidade da norma porque “ningún decreto pode regular o uso relacional e afectivo da lingua”.

Semella que habitamos universos paralelos se atendemos, por exemplo, aos datos dun recente estudo local acabado de realizar no Concello de Ames e centrado na realidade do CEIP Agro do Muíño, no que se reflicte a extraordinaria perda de galegofalantes habituais entre a poboación escolar, diante da impasibilidade da Xunta de Galicia.

No tocante ao inglés, para a consellaría hai dous indicadores sobre a mellora de competencias neste idioma: as notas da selectividade e as acreditacións das Escolas de idiomas. Malia que o decreto contempla de maneira concreta, na súa disposición adicional quinta a necesaria avaliación dos resultados¹, o certo é que os que se adoitan ofrecer son de carácter xeral, indicando o número crecente de centros que se suman á estratexia EDUlingüe 2020, ampliando o chamado modelo plurilingüe a máis etapas e aumentando as seccións bilingües.

O asunto das competencias lingüísticas non forma parte da análise, nin parece preocupante que, en moitas ocasións, as agrupacións do alumnado para as seccións bilingües teñan consecuencias de marcada segregación. Porén, algunhas comunidades autónomas iniciaron análises máis profundas, preocupadas tamén pola diminución de coñecemento científico nalgunhas materias impartidas en inglés, pola sobrecarga económica das familias e o sobre-esfuerzo dos e das estudantes, para quen as clases particulares de inglés son un imprescindible complemento para superar as materias.

Desde o imaxinario dun modelo propio —axustado á realidade do país e mesmo á súa legalidade— preguntámonos se non é un problema patrimonial, cul-

1 *Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellaría competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.*



A escola actúa como un axente "desgaleguizador", destaca a RAG



tural e simbólico que se estea a esfarelar a lingua galega, e con ela tantos datos culturais entre os máis novos, sen que a Consellaría faga nada para evitalo e todo para que este proceso aumente de xeito exponencial.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Neste comezo de curso, o capítulo de servizos complementarios rexistra tamén as súas incidencias. Na provincia de Lugo varios centros educativos sufriron o desabastecemento dos seus comedores, tendo que improvisar desde os propios centros solucións de última hora para cubrir o xantar do alumnado. A empresa adjudicataria, radicada en Salamanca, enfrontouse xa a distintas denuncias e mesmo a unha sanción económica, pero os problemas non remiten.

Chama a atención que este modelo de adjudicacións a grande escala a empresas de “servizos múltiples” que traen a comida de fóra e que periodicamente rexistran incidencias importantes, sexa a aposta da Consellaría fronte á xestión directa do servizo, con produtos de proximidade e plena garantía de calidade. Será este un indicador máis dese modelo propio, debedor dunha visión que pon o negocio por riba dos dereitos e a calidade dos servizos?

Ao tema dos comedores cómpre engadirlle tamén o das cafeterías dos centros, motivado polas drásticas modificacións no sistema de xestión que se levan producindo desde hai algúns cursos académicos. Do inicial concurso de carácter aberto, cunha concesión de varios cursos e xestionado polo propio centro —posibilitando que se puidese primar que as empresas participantes fosen da comarca, que utilizasen produtos da zona... que ofrecesen un trato familiar e que mesmo permitiron asentar algúns proxectos empresarias e educativos— pasouse a un modo de selección anual, o que achegou unha compoñente de inseguridade na xestión. A partir deste curso 2018-2019 a xestión dos concursos pasa a ser centralizada, sendo a propia Consellaría quen xestiona as concesións, cuns criterios en absoluto determinados pola contorna dos centros; de tal maneira que, por exemplo, as grandes empresas hostaleiras quedarán co camiño aberto para campar polos centros educativos galegos.

Desde o noso punto de vista o feito de que pase a ter unha xestión externa non beneficia en nada a comunidade educativa. Entendemos que na concepción dun servizo importante na vida dos centros, como son os comedores ou as cafeterías, deben ser valorados os beneficios dunha xestión próxima aos propios centros e ás comunidades educativas, os elementos cos que contribúen ao día a día escolar, como dinamizan a vida dos centros, a importancia da conexión co centro e a comunidade. E deben ser valoradas tamén as repercusións dun cambio de funcionamento como o que se está poñendo en marcha para as cafeterías, os perigos dunha dirección externa e centralizada. Se, por acaso, parece que a xestión

localista das cafeterías puider dar xogo a clientelismos e manipulacións, a xestión externa non será garante da eliminación destas prácticas, toda hora que a información se escapará aos propios centros e aos pequenos empresarios locais. Os consellos escolares, como máximos órganos de xestión dos centros, deben ser revitalizados e feitos partícipes das decisións que teñen que ver coa xestión, en calquera dos seus aspectos, deles. Por certo que, entrando xa no outono, as cafeterías dos centros seguen sen funcionar por mor da falta de previsión da Consellaría.



O curso comeza sen cafetería nos institutos pola demora da Xunta en contratalas

La Xunta prorrogó contratos por 1,2 millones a la empresa que dejó sin comer a centenares de escolares gallegos



A alusión do exconselleiro á cuestión do *modelo educativo propio* lévanos a cuestionar a existencia sequera duns mínimos referentes de partida para tal encomenda. Desde o noso punto de vista a súa construción esixiría, ademais dalgunhas iniciativas xa expostas, unha serie de accións relacionadas e de diferente alcance que, desafortunadamente, non se albiscan no horizonte político desta lexislatura. Para comezar estimamos imprescindible:

- A apertura de debates de política educativa, pedagóxicos e académicos promovidos, alimentados e sostidos pola Consellaría de Educación.
- Apoio institucional da Consellaría para revisar, indagar e profundar en distintas cuestións de interese para avanzar na abordaxe da problemática educativa.
- Propiciar a vitalidade participativa no Consello Escolar de Galicia e o traballo en rede con outros Consellos Escolares a escala municipal e de centros, para conectar e darles resposta ás preocupacións da comunidade educativa.
- Promover o desenvolvemento dun traballo profesional e académico arredor dos currículos, e da súa tradución en recursos e materiais educativos de distinta tipoloxía, axeitados á nosa propia realidade.
- Impulsar a nosa industria editorial neste sector de creación de recursos didácticos impresos ou dixitais.

As compracentes diagnoses que fai a Consellaría non reparan na terrible pobreza que deriva dunha demografía negativa e da carencia de horizontes de desenvolvemento laboral en Galicia, o que fai é drenar recursos humanos continuamente. Preparamos a mocidade de xeito suficiente, pero marchan. Isto non se avalía, mesmo se relativizan as súas consecuencias, pero o horizonte social empobrécese. Debera preocuparnos a febleza dunha preparación debedora dos volátiles intereses do mercado, sen ter en conta a quen vai integrarse nel.

Son moitos os ámbitos nos que se actúa replicando modelos alleos, prescindindo da autonomía política e da procura da adecuada e democrática concertación social, o que nos vai distanciando da nosa capacidade de sermos actores na construción social deste país. Cómpre procurar respostas que superen as limitacións das actuais políticas neoliberais, cun compromiso profesional e social que non renuncie á transformación social a través da educación.

The image displays three posters. The left poster is for 'REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN', featuring a hand holding a paintbrush over a room with colorful doors, with the title 'A TITORÍA EDUCATIVA' at the bottom. The middle poster is for 'engádeste?', showing colorful building blocks and the text 'ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO' at the top. The right poster is for 'IX SEMINARIO SOBRE A MEMORIA', with the subtitle '“OMESOMONTE”' and details about the location (Rianxo - Quilmas - O Pindo - Carnota) and dates (19, 20 e 21 de outubro de 2018). It lists organizing and collaborating entities.